

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0211	Destrezas sociais	2025/2026	0	123	0

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL DÍAZ GONZÁLEZ, MARÍA RAQUEL CASTRO BARJA, MARÍA DEL CARMEN PAZ PEÑA (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

**2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**
**2.1. Primeira parte da proba**
**2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.

**2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.3 Identifícanse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.4 Identifícanse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.2.1 Analizáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo.

<b>Cráterios de avaliación do currículo</b>
CA2.6 Identificáronse as principais barreiras de comunicación grupal.
CA2.7 Definiuse a repartición de tarefas como procedemento para o traballo grupo.
CA3.1 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.2 Relacionáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.6 Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos.
CA3.7 Identificáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.8 Discriminouuse entre datos e opinións.
CA4.1 Identificáronse os indicadores de avaliación da competencia social.
CA4.5 Identificáronse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

<b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.

**2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.
CA1.5 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.6 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.
CA1.7 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos diferenciadores persoais (emocións, sentimentos e personalidade).
CA1.8 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.2.2 Seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.5 Respectáronse as diferenzas individuais no traballo en grupo.
CA2.8 Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
CA3.3 Presentouse ordenadamente e con claridade o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.
CA3.4 Planificáronse as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e do xeito de superalas.
CA3.5 Respectáronse as opinións das outras persoas acerca das posibles vías de solución de problemas.
CA4.2 Rexistrouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.3 Rexistráronse os datos en soportes establecidos.
CA4.4 Interpretáronse os datos recollidos.
CA4.6 Marcáronse as pautas de mellora.

**Crterios de avaliación do currículo**

CA4.7 Efectuouse a valoración final do proceso.

**3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

Para superar o módulo de Destrezas Sociais a persoa aspirante deberá demostrar ter coñecementos teórico-prácticos suficientes para interactuar adecuadamente nas súas relacións profesionais con outras persoas (persoas usuarias, coidadores/as informais e outros membros das unidades de convivencia, outros profesionais e persoal das organizacións), adaptando o seu comportamento ás características destas e ás da situación.

Considéranse mínimos exixibles os establecidos na normativa pola que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de Técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia que se relacionan coa primeira parte da proba e/ou coa segunda parte da proba e que se recollen no apartado 2 desta programación.

A avaliación positiva no módulo evidenciará a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado, demostrando ter o alumnado coñecemento teórico práctico sobre as seguintes cuestións:

- Recollida de información e Reflexión acerca das destrezas sociais que se posúen e das que se carece coa finalidade de Autoavaliar a propia competencia social para o desempeño da profesión.
- Organización da propia actuación e Toma de decisións.
- Relación, Comunicación, Xestión efectiva de conflitos coas persoas usuarias, coidadores/as informais e outros membros da unidade de convivencia e profesionais con quen desenvolva o traballo.
- Traballo en equipo e intervención en pequenos e grupos

O alumnado terá que realizar unha proba de toda a materia composta de dúas partes, cada unha delas valorada sobre 10 puntos.

A cualificación final da proba será a media aritmética ao 50% das dúas partes, sempre que se obtivese como mínimo en cada unha delas unha puntuación de 5 puntos en cada unha das probas.

Esta proba levarase a cabo en dúas sesións diferentes para cada unha das partes, que son eliminatorias. Sen ter superada a primeira e segunda parte da proba, a cualificación final nunca será superior ao 4. As notas finais expresaranse en número enteiros sen decimais.

As persoas pertencentes á comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba do módulo ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

1. Primeira parte da proba. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita (proba obxectiva: de resposta breve, de completar, de ordenación, de discriminación, de selección múltiple, multiítem, de asociación, de localización) que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As respostas incorrectas serán penalizadas.

No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas

Esta proba será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais.

Para superar a proba, será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima 0'6 ou máis.

Non superar esta parte, implicará obter un 0 na segunda tal e como establece a lexislación vixente.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

2. Segunda parte da proba.

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento

de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Este/s supostos prácticos poderán contar con preguntas tipo test, preguntas curtas, preguntas V o F ( en caso de que sexa F contestar o correcto) e/ou preguntas de desenvolver. Ademais poderá requirirse a execución de exercicios prácticos (non escritos).

A docente irá revisando in situ o desenvolvemento das tarefas, apoiando a persoa examinada na súa realización coas indicacións que precise.

Esta proba será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais.

Para superala será necesario obter unha cualificación igual ou maior de 5 puntos sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima 0'6 ou máis.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para dar resposta a todas as cuestións.

A cualificación final do módulo será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

Polo tanto, superarase esta proba libre cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10 en cada unha das partes. A nota final será o resultado da media aritmética de ambas probas expresada con números naturais enteiros, entre 1 e 10, só se fará media de cualificacións nas diferentes partes de obtendo unha cualificación de 5 ou máis en cada parte. Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima 0'6 ou máis.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

#### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

##### 4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita (proba obxectiva: de resposta breve, de completar, de ordenación, de discriminación, de selección múltiple, multiítem, de asociación, de localización) que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.

As respostas incorrectas serán penalizadas.

No caso dunha pregunta anulada, pasará a valorarse a primeira pregunta de reserva e si son máis, valoraranse as correspondentes reservas seguindo a orde das preguntas

Esta proba será cualificada de cero a dez puntos, cun máximo de dous decimais.

Para superar a proba, será necesario acadar unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima ",51" ou máis.

Non superar esta parte, implicará obter un 0 na segunda tal e como establece a lexislación vixente.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas.

A persoa candidata acreditará a súa identidade cun documento oficial (DNI ou pasaporte) orixinal e en vigor.

Para a realización da proba será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro de tinta indeleble. Os exercicios realizaranse a unha soa cor.

Queda prohibido o uso de lápis e líquido ou cinta correctora.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet . Durante a proba deberán permanecer apagados.

Si un/unha alumno/a é sorprendido copiando se lle notificará que a súa convocatoria queda invalidada a partir dese momento.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido.

Non se poderá abandonar a aula durante os 10 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A persoa que leve a cabo calquera acción de tipo fraudulento ou incumpra, durante a realización da proba, os protocolos establecidos será excluída do proceso. A súa cualificación será 0.

Esta proba permitirá valorar todos os criterios de avaliación recollidos no apartado 2.b

**4.b) Segunda parte da proba**

As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de un ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte. Este/s supostos prácticos poderán contar con preguntas tipo test, preguntas curtas, preguntas V o F ( en caso de que sexa F contestar o correcto) e/ou preguntas de desenvolver. Ademais poderá requirirse a execución de exercicios prácticos (non escritos).

A docente irá revisando in situ o desenvolvemento das tarefas, apoiando a persoa examinada na súa realización coas indicacións que precise.

Para superala será necesario obter unha cualificación igual ou maior de 5 puntos sobre 10.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima ",51" ou máis.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para dar resposta a todas as cuestións.

A persoa candidata acreditará a súa identidade cun documento oficial (DNI ou pasaporte) orixinal e en vigor.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro de tinta indeleble. Os exercicios realizaranse a unha soa cor.

Queda prohibido o uso de líquido ou cinta correctora.

Queda totalmente prohibida a utilización de teléfonos móbiles e/ou calquera outro dispositivo electrónico (reloxos, tablets...) conectable a internet . Durante a proba deberán permanecer apagados.

Si un/unha persoa das que se examina é sorprendida copiando se lle notificará que a súa convocatoria queda invalidada a partir dese momento.

Non está permitido o acceso ao exame unha vez dea comezo a proba en base ao horario establecido.

Non se poderá abandonar a aula durante os 10 primeiros minutos de exame, comezados a contar dende o momento no que se fai entrega da proba.

Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

A persoa que leve a cabo calquera acción de tipo fraudulento ou incumpra, durante a realización da proba, os protocolos establecidos será excluída do proceso. A súa cualificación será 0.

Esta proba permitirá valorar todos os criterios de avaliación recollidos no apartado 2.b.